

2.3. economía social

Este apartado está dedicado ó estudo da economía social, no que se engloban tódalas iniciativas empresariais por parte de traballadores que se constitúen para dar satisfacción a necesidades e intereses comúns. O capítulo está dividido en tres grandes apartados nos que se estudian as sociedades cooperativas, as sociedades laborais, e finalmente, faise referencia ás actuacións da Xunta de Galicia para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego.

Os datos utilizados na análise das cooperativas e das sociedades laborais rexistradas parten da Dirección General de Fomento de la Economía Social y del Fondo Social Europeo, en tanto que na análise das actuacións da Xunta, a fonte utilizada é a Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude.

Atendendo ós datos da Tesorería General, o número de traballadores en alta laboral no réxi-

me especial de autónomos aumentou en Galicia nun 2,3% para situarse nos 163,5 miles de traballadores no ano 2000 (**cadro 2.1.1. Traballadores en alta laboral 1999-00: distribución segundo réximes**). A Coruña acolle ó 40,3% do total dos autónomos, mentres un 32,8% corresponde a Pontevedra e un 13,8% e un 13%, a Ourense e Lugo, respectivamente.

O número de empresas de economía social (sociedades cooperativas e laborais) a 31 de decembro do ano 2000 ascendeu en España a 35.269, das que 1.428 sociedades, un 4%, estaban situadas en Galicia. En conxunto, estas empresas acolleron a un total de 353.933 traballadores, estando a meirande parte dos mesmos (o 62,7% do total) ocupados nas comunidades autónomas de Cataluña, Andalucía, País Vasco e C. Valenciana. En Galicia, a poboación ocupada nestas sociedades de economía social foi de 12.298 traballadores, o que supuña o 1,2% da poboación ocupada galega, sendo esta porcentaxe inferior á española, que é do 2,4% (**cadro**

C.2.16.: *Empresas e traballadores de economía social nas CC.AA. 1998-99).*

No ano 2000, constituíronse en Galicia un total de 385 sociedades laborais e cooperativas (o 5,2% do total constituído en España), sendo o número de traballadores de 2.073, que representan o 5,8% dos existentes no conxunto do estado (**cadro C.2.15.:** *Empresas de economía social constituídas en Galicia e España 1999-00*).

Cooperativas

En Galicia, tal e como reflicte o **cadro 2.3.1.**, a 31 de decembro do ano 2000 había un total de 872 sociedades cooperativas, que acollían a 9.099 traballadores. Comparado coas outras comunidades autónomas, en Galicia estaba o 3,7% das sociedades cooperativas e o 3,4% dos traballadores neste tipo de empresas. Como amosa o devandito **cadro 2.3.1.**, prodúcese unha concentración das sociedades cooperativas en cinco comunidades autónomas –Cataluña, Andalucía, C. Valenciana, Castela-A Mancha e País Vasco–, que, en conxunto, acollen ó 69,5% do total de cooperativas e ó 71,7% dos traballadores.

En Galicia, atendendo á desagregación por provincias, A Coruña é a que presenta un maior número de cooperativas, ó acoller 320 sociedades cooperativas e empregar a un total de 3.058 traballadores, o que implica unha media de 9,6 traballadores por cooperativa, cando a media galega é de 10,4 traballadores por sociedade. As provincias de Ourense e Pontevedra presentan unha media superior á galega, con 13,7 e 10,9 traballadores por sociedade cooperativa, respectivamente.

O número de sociedades cooperativas constituídas en Galicia no ano 2000 ascendeu a 89, cun total de 928 traballadores, o que representou o 3,6% do total de cooperativas constituídas en España. En relación ó ano 1999, no último ano aumentou o número de novas sociedades constituídas, con 22 sociedades máis, e o

seu número de traballadores, nun 65,4% (367 socios máis).

No concernente á distribución provincial, as provincias de Ourense e Lugo son as que teñen o maior número de sociedades constituídas no ano 2000, con 23 sociedades cada unha. Non obstante, as 17 cooperativas constituídas na provincia de Pontevedra son as que acollen o maior número de socios, con 272, fronte ós 253 na provincia de Lugo ou os 206 no caso de Ourense.

Atendendo á clase de cooperativas inscritas e ó número de traballadores, o **cadro 2.3.3.** reflicte que é na clase “Traballo asociado” onde máis cooperativas hai inscritas, con 68, que representan o 76,4% do total de cooperativas inscritas en Galicia no ano 2000, sendo o seu número de socios de 528, o 56,9% do total dos asociados galegos.

Séguelle en importancia as cooperativas agrarias, onde as 12 cooperativas agrarias constituídas acollen un total de 244 socios. A meirande parte deste tipo de cooperativas están na provincia de Lugo, onde as 7 cooperativas agrarias existentes acollen a un total de 123 socios.

Sociedades laborais

O número de sociedades laborais en España era, a 31 de decembro do ano 2000, de 11.935 empresas (SA e SL), un 24,1% superior ó existente no mesmo período do ano anterior. Estas sociedades concéntranse especialmente nas comunidades de Madrid, Andalucía, Cataluña, País Vasco, Castela-A Mancha e C. Valenciana, que agrupan ó 64,6% do total estatal. A devandita concentración ten a súa correspondencia no emprego, xa que esas 6 comunidades acaparan o 68,8% dos postos de traballo (**cadro 2.3.4.**).

Galicia tiña, no mesmo período, 556 sociedades laborais en alta na Seguridade Social, un 4,7% do total estatal. No eido do emprego, as sociedades laborais galegas tiñan 3.199 traballa-

CADRO 2.3.1.
Sociedades cooperativas existentes nas CC.AA. 1999-00 : número e traballadores

	1999				2000			
	Sociedades		Traballadores		Sociedades		Traballadores	
	CA / total (%)		CA / total (%)		CA / total (%)		CA / total (%)	
Andalucía	4.615	20,5	47.052	18,1	5.023	21,5	49.660	18,5
Aragón	757	3,4	7.609	2,9	762	3,3	7.675	2,9
Asturias	264	1,2	2.878	1,1	273	1,2	3.442	1,3
Baleares	168	0,7	1.888	0,7	169	0,7	2.017	0,7
Canarias	457	2,0	6.818	2,6	449	1,9	7.275	2,7
Cantabria	89	0,4	896	0,3	89	0,4	954	0,4
Castela - A Mancha	1.400	6,2	12.551	4,8	1.430	6,1	12.962	4,8
Castela e León	1.257	5,6	11.296	4,3	1.310	5,6	11.510	4,3
Cataluña	5.845	25,9	43.631	16,8	5.731	24,6	42.654	15,9
C. Valenciana	2.593	11,5	39.467	15,2	2.704	11,6	41.247	15,3
Extremadura	765	3,4	7.047	2,7	789	3,4	7.132	2,7
Galicia	798	3,5	8.920	3,4	872	3,7	9.099	3,4
A Coruña	315	39,5	3.198	35,9	320	36,7	3.058	33,6
Lugo	133	17,1	903	10,1	136	15,6	961	10,6
Ourense	167	20,9	2.528	28,3	194	22,2	2.659	29,2
Pontevedra	183	22,9	2.291	25,7	222	25,5	2.421	26,6
Madrid	824	3,7	11.308	4,4	854	3,7	10.428	3,9
Murcia	905	4,0	8.905	3,4	1.005	4,3	10.277	3,8
Navarra	317	1,4	4.146	1,6	312	1,3	4.275	1,6
País Vasco	1.289	5,7	43.327	16,7	1.331	5,7	46.295	17,2
Rioxa	171	0,8	1.601	0,6	172	0,7	1.682	0,6
Ceuta e Melilla	50	0,2	417	0,2	59	0,3	479	0,2
Total	22.564	100	259.757	100	23.334	100	269.063	100

Fonte: Dirección General de Fomento de la Economía Social y del Fondo Social Europeo

CADRO 2.3.2.
Sociedades cooperativas constituídas nas CC.AA. 1999-00: número e socios iniciais

	1999				2000			
	Sociedades		Socios iniciais		Sociedades		Socios iniciais	
	CA / total (%)		CA / total (%)		CA / total (%)		CA / total (%)	
Andalucía	434	22,17	2.579	15,22	762	30,41	4.999	27,48
Aragón	75	3,83	379	2,24	94	3,75	625	3,44
Asturias	24	1,23	225	1,33	28	1,12	111	0,61
Baleares	2	0,10	11	0,06	13	0,52	52	0,29
Canarias	29	1,48	164	0,97	55	2,19	279	1,53
Cantabria	7	0,36	40	0,24	7	0,28	30	0,16
Castela - A Mancha	57	2,91	828	4,89	101	4,03	1.008	5,54
Castela e León	115	5,87	1.564	9,23	167	6,66	995	5,47
Cataluña	511	26,10	2.075	12,25	434	17,32	2.010	11,05
C. Valenciana	212	10,83	5.233	30,89	224	8,94	4.043	22,23
Extremadura	68	3,47	628	3,71	65	2,59	618	3,40
Galicia	67	3,42	561	3,31	89	3,55	928	5,10
A Coruña	15	22,39	127	22,64	16	0,64	116	0,64
Lugo	10	14,93	76	13,55	23	0,92	253	1,39
Ourense	10	14,93	89	15,86	23	0,92	206	1,13
Pontevedra	18	26,87	173	30,84	17	0,68	272	1,50
R.A. Galicia	14	20,90	96	17,11	10	0,40	81	0,45
Madrid	87	4,44	677	4,00	163	6,50	708	3,89
Murcia	118	6,03	687	4,06	187	7,46	785	4,32
Navarra	33	1,69	210	1,24	22	0,88	143	0,79
País Vasco	48	2,45	410	2,42	52	2,08	419	2,30
Rioxa	8	0,41	109	0,64	14	0,56	266	1,46
Ceuta e Melilla	19	0,97	106	0,63	15	0,60	100	0,55
Rexistro Central	44	2,25	454	2,68	14	0,56	71	0,39
Total	1.958	100	16.940	100	2.506	100	18.190	100

Fonte: Dirección General de Fomento de la Economía Social y del Fondo Social Europeo

CADRO 2.3.3.

Sociedades cooperativas constituídas en Galicia 1999-00 : distribución segundo clase

1999

	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		R.A. Galicia		Total	
	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios	Número	Socios
Traballo asociado	11	100	7	49	9	83	11	111	8	50	46	393
Consumidores e usuarios	-	-	-	-	-	-	-	-	1	6	1	6
Vivendas	2	11	2	22	1	6	3	19	1	5	9	63
Agrarias	-	-	-	-	-	-	1	11	2	21	3	32
Explotación común da terra	1	7	1	5	-	-	-	-	-	-	2	12
Servicios	1	9	-	-	-	-	1	17	1	6	3	32
Transportes	-	-	-	-	-	-	1	8	-	-	1	8
Outros	-	-	-	-	-	-	1	7	1	8	2	15
Total	15	127	10	76	10	89	18	173	14	96	67	561

2000

	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		R.A. Galicia		Total	
	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios	Número	Socios
Traballo asociado	15	107	11	83	22	155	14	147	6	26	68	528
Consumidores e usuarios	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Vivendas	-	-	-	-	-	-	2	107	-	-	2	107
Agrarias	1	9	7	123	1	51	1	18	2	43	12	244
Explotación común da terra	-	-	4	22	-	-	-	-	1	4	5	26
Servicios	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Transportes	-	-	1	15	-	-	-	-	-	-	1	15
Outros	-	-	-	-	-	-	-	-	1	8	1	8
Total	16	116	23	253	23	206	17	272	10	81	89	928

Fonte: Dirección Xeral de Fomento de la Economía Social y del Fondo Social Europeo

CADRO 2.3.4.

Sociedades laborais nas CC.AA. 1999-00 : número e traballadores

	1999				2000			
	Sociedades	CA / total (%)	Traballadores	CA / total (%)	Sociedades	CA / total (%)	Traballadores	CA / total (%)
Andalucía	1.152	12,0	8.445	11,2	1.544	12,9	10.439	12,3
Aragón	416	4,3	2.631	3,5	525	4,4	3.134	3,7
Asturias	311	3,2	2.257	3,0	362	3,0	2.402	2,8
Baleares	109	1,1	648	0,9	132	1,1	821	1,0
Canarias	425	4,4	2.756	3,6	577	4,8	2.792	3,3
Cantabria	81	0,8	842	1,1	89	0,7	894	1,1
Castela - A Mancha	900	9,4	6.474	8,6	1.096	9,2	7.397	8,7
Castela e León	543	5,6	2.967	3,9	654	5,5	3.271	3,9
Cataluña	993	10,3	9.045	12,0	1.261	10,6	9.909	11,7
C. Valenciana	857	8,9	7.565	10,0	1.105	9,3	8.302	9,8
Estremadura	262	2,7	1.510	2,0	319	2,7	1.825	2,2
Galicia	370	3,8	2.345	3,1	556	4,7	3.199	3,8
A Coruña	160	43,2	1.036	44,2	223	40,1	1.336	41,8
Lugo	71	19,2	325	13,9	104	18,7	498	15,6
Ourense	43	11,6	233	9,9	78	14,0	323	10,1
Pontevedra	96	25,9	751	32,0	151	27,2	1.042	32,6
Madrid	1.416	14,7	8.212	10,9	1.696	14,2	9.242	10,9
Murcia	443	4,6	3.437	4,5	541	4,5	3.899	4,6
Navarra	345	3,6	3.706	4,9	401	3,4	3.786	4,5
País Vasco	934	9,7	12.342	16,3	1.003	8,4	13.097	15,4
Rioxa	49	0,5	327	0,4	59	0,5	363	0,4
Ceuta e Melilla	14	0,1	97	0,1	15	0,1	98	0,1
Total	9.620	100	75.606	100	11.935	100	84.870	100

Fonte: Dirección General de Fomento de la Economía Social y del Fondo Social Europeo

CADRO 2.3.5.

Sociedades laborais rexistradas nas CC.AA. 1999-00: número e socios iniciais

	1999				2000			
	Sociedades	CA / total (%)	Socios iniciais	CA / total (%)	Sociedades	CA / total (%)	Socios iniciais	CA / total (%)
Andalucía	672	14,86	2.428	14,64	758	15,63	2.746	15,78
Aragón	222	4,91	777	4,68	227	4,68	811	4,66
Asturias	107	2,37	407	2,45	114	2,35	412	2,37
Baleares	51	1,13	173	1,04	73	1,50	259	1,49
Canarias	278	6,15	970	5,85	307	6,33	1.061	6,10
Cantabria	25	0,55	106	0,64	28	0,58	103	0,59
Castela - A Mancha	456	10,08	1.606	9,68	431	8,88	1.513	8,69
Castela e León	251	5,55	896	5,40	248	5,11	884	5,08
Cataluña	530	11,72	1.885	11,36	552	11,38	1.908	10,96
C. Valenciana	446	9,86	1.542	9,30	478	9,85	1.693	9,73
Estremadura	80	1,77	316	1,90	100	2,06	378	2,17
Galicia	201	4,44	750	4,52	296	6,10	1.145	6,58
A Coruña	83	41,3	286	38,1	118	39,9	445	38,9
Lugo	44	21,9	202	26,9	43	14,5	139	12,1
Ourense	27	13,4	87	11,6	50	16,9	166	14,5
Pontevedra	47	23,4	175	23,3	85	28,7	395	34,5
Madrid	692	15,30	2.440	14,71	710	14,64	2.428	13,95
Murcia	205	4,53	725	4,37	193	3,98	696	4,00
Navarra	104	2,30	626	3,77	113	2,33	429	2,46
País Vasco	182	4,02	868	5,23	205	4,23	876	5,03
Rioxa	19	0,42	70	0,42	14	0,29	48	0,28
Ceuta e Melilla	1	0,02	4	0,02	4	0,08	15	0,09
Total	4.522	100	16.589	100	4.851	100	17.405	100

Fonte: Dirección General de Fomento de la Economía Social y del Fondo Social Europeo

CADRO 2.3.6.

Sociedades laborais rexistradas 1999-00 : distribución sectorial

	Galicia				España			
	1999		2000		1999		2000	
	sociedades	socios	sociedades	socios	sociedades	socios	sociedades	socios
Agrario	4	12	7	25	80	288	99	365
Non agrario	197	738	289	1.120	4.442	16.301	4.752	17.040
Industria	31	113	52	299	806	3.281	900	3.524
Construcción	26	94	44	150	732	2.587	815	2.922
Servicios	140	531	193	671	2.904	10.433	3.037	10.594
Total	201	750	296	1.145	4.522	16.589	4.851	17.405

Fonte: Dirección General de Fomento de la Economía Social y del Fondo Social Europeo

CADRO 2.3.7.

Actuación para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego 1999-00

	1999		2000	
	Nº Expedientes	Nº traballadores	Nº Expedientes	Nº traballadores
Promoción do emprego en cooperativas e sociedades laborais	1.741	1.522	2.498	1.906
Axudas a cooperativas e Sociedades Laborais	179 (2)	561	246 (2)	662
Axudas para a adquisición de socio traballador (1)	570	570	632	632
Abono de cotas á Seguridade Social	992	391	1.620	612
Apoio ó autoemprego autónomo	5.963	4.844	5.132	3.957
Integración laboral dos discapacitados	157	881	200	1.177
Creación ou ampliación de Centros Especiais de Emprego	17 (4)	96	28 (2)	196
Mantemento de Centros Especiais de Emprego	45 (2)	742	58 (2)	928
Emprego autónomo discapacitados	95	43	114	53
Iniciativas de emprego: ILE/IER (3)	33 (2)	176	116 (2)	505
Total	7.894	7.423	7.946	7.545

(1) Antes denominada renda para o inicio da actividade

(2) Número de entidades ou centros especiais de emprego

(3) En 1999 as actuacións de iniciativas de emprego estaban compostas por Iniciativas Locais de Emprego e Proxectos Pilotos de acción rural

(4) Número de expedientes (15 centros especiais de emprego)

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude

dores e traballadoras, namentres que o número de ocupados no conxunto do estado foi de 84.870 traballadores.

No ano 2000, rexistráronse en Galicia un total de 296 sociedades laborais, que agruparon a 1.145 socios. Comparado co total estatal, Galicia acolle o 6,1% do total das sociedades laborais rexistradas e o 6,6% do traballadores destas sociedades.

Tal e como reflicte o **cadro 2.3.6.**, a maior parte das sociedades laborais en Galicia concéntranse nos sectores non agrarios, 289 sociedades, e principalmente no sector servicios, que acolle un 69,1% do total de sociedades laborais rexistradas en Galicia (193 sociedades). No

sector agrario, o número de sociedades laborais rexistradas foi de 7, sendo o seu número de socios de 25.

Actuacións da Xunta

As actuacións da Xunta de Galicia para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego completan as medidas de fomento do emprego e da estabilidade analizadas no capítulo anterior. Xunto as tradicionais medidas de promoción de emprego en cooperativas e sociedades laborais e o apoio ó emprego autónomo, hai que salienta-los centros especiais de emprego (para facilita-la incorporación dos traballadores con discapacidade ó mercado laboral) e o programa de iniciativas de emprego, que tenta

apoia-las iniciativas empresariais no ámbito local e rural.

O **cadro 2.3.7.** reflicte o número de expedientes e traballadores beneficiados das diferentes actuacións para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego. No ano 2000 beneficiáronse destas axudas un total de 7.545 traballadores (un 1,7% máis que no ano anterior), dos que 3.882 eran mulleres e 3.663, homes. Do total de traballadores beneficiarios, 3.957 beneficiáronse das medidas de apoio ó emprego autónomo, 1.906 das fórmulas de autoemprego asociativo en empresas de economía social, 1.177 a través de actuacións específicas de cara á integración laboral de discapacitados, e 505 en iniciativas empresariais no ámbito local e rural.

Atendendo á distribución provincial do número de traballadores beneficiarios, A Coruña acolle a 2.733 persoas (36,2%), seguida de Pontevedra, con 2.377 (31,5%), Lugo, con 1.338 (17,7%) e Ourense, con 1.097 beneficiarios (14,5%).

Respecto ó sector económico ó que pertence a actividade que desenvolve, 4.098 realizan a súa actividade no sector servicios, 1.812 na industria, 1.030 beneficiarios no sector primario e 605 na construción. ■

